

Criterios de CIG-Saúde para o cesamento e incorporación dos FEAs cesados como consecuencia da OPE-2006 e o Concurso de Traslados.

A.- BAREMO:

- Experiencia profesional: 70%
- Fase de selección : 30%.

A.1.- Experiencia profesional (máximo 70 puntos).

1.1.- Por cada mes completo de servizos prestados na especialidade á que se opta, no sistema público galego de saúde (Sergas ou Fundacións Sanitarias Públicas) 0.5

1.2.- Por cada mes completo de servizos prestados noutra especialidade distinta á que se opta, no sistema público galego de saúde (Sergas ou Fundacións Sanitarias Públicas) 0.1

Persoal Facultativo de Urgencias Hospitalarias.

- Por cada mes completo de servizos prestados na categoría de médico de urgencias hospitalarias, no sistema público galego de saúde (Sergas ou Fundacións Sanitarias Públicas) 0.5
 - Por cada mes de servizos prestados noutra especialidade distinta á categoría de médicos de urgencias hospitalarias , no sistema público galego de saúde(Sergas ou Fundacións Sanitarias Públicas) 0.1
- A experiencia profesional toparase nun máximo de 12 anos de servizos prestados.
 - Aos efectos de cómputo de servizos prestados establecido no apartado 1 deste baremo, referido a experiencia profesional, o nomeamento específico para a realización de atención continuada (gardas médicas), recoñeceráselle un mes completo de servizos prestados calculándose conforme ás seguintes regras:
 - a.- Un mes ou a parte correspondente por cada cento trinta horas (130), ou fracción, realizadas.
 - b.- Se dentro dun mes natural se realizasen máis de 130 horas, so poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado durante aquel poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados establecidos na anterior regra (a).

A.2.- Fase de Selección: (máximo 30 puntos):

Á puntuación calcularase multiplicando a obtida na Proba-Oposición da OPE- 2006 por 0,30.

B.- ÁMBITO DAS LISTAS: Listaxe de ámbito autonómico.

C.- VIXENCIAS DAS LISTAS: Até a resolución do proceso de OPE 2008. Para o cesamento da OPE do 2008 utilizarase a listaxe de selección temporal.

D.- PENALIZACIÓN/INCENTIVACIÓN: Os vínculos ofertados serán irrenunciabeis. O persoal facultativo que na aplicación destes criterios obtivese destino nos hospitais comarcais de Burela, O Barco ou Monforte, aos servizos prestados engadiráselles un 75% adicional do seu valor na OPE do 2008.